EXPEDIENTE 2026/G010/000006. PLENO SESIÓN ORDINARIA 7 DE MAIO DE 2026.

ACTA Nº 2026/6

SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DA CORPORACIÓN

Lugar: Salón de Plenos da Casa do Concello de Touro
Data: xoves 7 de maio de 2026
Hora de comezo: 21.00 horas
Hora de remate: 21.45 horas

PRESIDE:

JESÚS JOSÉ REBOREDO GONZÁLEZ (alcalde-presidente)

ASISTEN:

Concelleiros

Partido Popular (PP)
REBECA MARÍA CODESIDO BARREIRO
ALFREDO SOUTO CASTELO
ISOLINA SUÁREZ MILLÁN
MARÍA DEL CARMEN CARREIRA TOJO

Movemento Veciñal de Touro (pMVdeT)
ROBERTO CASTRO ROCAMONDE
JOSÉ LUÍS RAMOS BARREIRO
EMMA BLANCO LOIS

Partido Galego (PG)
JESUS MARTINEZ PEREIRA

Bloque Nacionalista Galego (BNG)
XOÁN ANTÓN LOUZAO RODRÍGUEZ

Concelleiro non adscrito
DARÍO REY SUAREZ

Outras asistencias:

JOSÉ LÓPEZ GONZÁLEZ, Secretario-Interventor.

Constitúese o Pleno da Excelentísima Corporación en sesión ordinaria conforme á convocatoria e segundo a orde do día que se remitiu aos concelleiros coa antelación legalmente requirida.

A continuación procédese a tratar os asuntos establecidos na orde do día.

I PARTE RESOLUTORIA

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000005. Pleno do Concello. Sesión ordinaria do 9 de abril de 2026. Aprobación da acta da sesión.

2 EXPEDIENTE 2026/A008/000032. Subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). Ratificación Resolución de Alcaldía núm. 147/2026 de 30 de abril de 2026.

3 EXPEDIENTE 2026/S005/000001. IV Plan para Igualdade entre homes e mulleres do Concello de Touro. 2026-2030. Aprobación.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

II PARTE DE CONTROL

4 EXPEDIENTE 2026/T019/000001. Liquidación do Orzamento exercicio 2025. Dación de conta decreto de Alcaldía aprobación liquidación orzamento 2025.

5 EXPEDIENTE 2025/T019/000001. Liquidación do Orzamento exercicio 2025. Dación de conta informe secretaría-intervención de avaliación do cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, da regla de gasto e do límite de débeda con motivo da aprobación da liquidación do exercicio 2025.

6 EXPEDIENTE 2026/G006/000093. Decretos da Alcaldía ditados entre o 1 de abril e o 3 de maio de 2026. Toma de razón.

7 Mocións.

8 Rogos e preguntas.

I PARTE DE ADOPCIÓN DE ACORDOS

1 EXPEDIENTE 2026/G010/000005. PLENO DO CONCELLO. SESIÓN ORDINARIA DO 9 DE ABRIL DE 2026. APROBACIÓN DA ACTA DA SESIÓN.

ANTECEDENTES

09.04.2026. Sesión do Pleno do Concello.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Real Decreto Lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións vixentes en materia de réxime local (artigo 50).

Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais (artigos 109 e 110).

PROPOSTA DE ACORDO

PRIMEIRO. Aprobar a acta da sesión ordinaria do Pleno do Concello que tivo lugar o 9 de abril de 2026.

SEGUNDO. Incorporar a dita acta ao Libro de Actas do Pleno do Concello, autorizándoa coa sinatura do secretario da Corporación de maila do alcalde, conforme ao previsto no artigo 113.1 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, en relación co artigo 110 do mesmo texto legal.

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación de aprobación da acta, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

2 EXPEDIENTE 2026/A008/000032. SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2026, MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO PR486A). RATIFICACIÓN RESOLUCIÓN DE ALCALDÍA NÚM. 147/2026 DE 30 DE ABRIL DE 2026.

Por parte do Sr. Alcalde procedeuse a explicar o contido da Resolución de alcaldía núm. 147/2026 de 30 de abril de 2026, a cal ten o seguinte tenor literal:

“EXPEDIENTE 2026/A008/000032. Subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A).

ANTECEDENTES

Orde do 25 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG nº 61 de 1 de abril de 2026.

CONSIDERACIÓNS TÉCNICAS, XURÍDICAS E ECONÓMICAS

- Lei 5 /1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Orde do 25 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A).

Será obxecto desta convocatoria, segundo o artigo 1º. Obxecto e bases reguladoras, a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, que se indican a continuación:

1. *Obras de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de edificios, instalacións, ou dependencias municipais destinados á prestación de servizos municipais, obras de adaptación para garantir que resulten accesibles e/ou dotación de equipamentos destes edificios ou dependencias.*
2. *Obras de acondicionamento de camiños públicos municipais e de construción, mellora, ampliación ou rehabilitación de prazas, parques, paseos e rúas.*
3. *Obras de instalación, ampliación ou mellora das redes de luz pública.*

Son gastos subvencionables nesta convocatoria (artigo 2º) aqueles en que incorrese a entidade solicitante, posteriormente á presentación da solicitude de axuda como consecuencia da realización de proxectos de investimento indicados no artigo 1, acordes cos requisitos e criterios indicados neste artigo. En todo caso, serán subvencionables a execución de obras e a adquisición de equipamentos que sexan imputables ó capitulo VI dos orzamentos de gastos da entidade, de conformidade coa clasificación económica establecida pola Orde EHA/3565/2008, do 8 de decembro, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

No artigo 2º, no apartado 2) establécese que os proxectos serán completos (fase única) e susceptibles da súa posta en servizo inmediata como consecuencia da execución do proxecto subvencionado. En ningún caso se admitirán fases de proxectos.

O artigo 4º, apartado 3, establece que a axuda económica que se concede financiará o 80% do orzamento da obra ou equipamento que se vai realizar, co límite de 50.000 euros para as solicitudes conxuntas. O artigo 7.6.e) establece que en ningún caso a participación de cada un dos concellos poderá ser inferior ó 25% do orzamento total do proxecto.

O artigo 13º establece que todos os trámites administrativos que se realicen durante a tramitación do procedemento debe realizarse electronicamente accedendo á Carpeta do cidadá da persoa interesada dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

No artigo 17º. Contratación. Establece que os concellos poderán concertar con terceiros a execución total do proxecto que constitúe o obxecto da subvención. A tramitación e contratación das obras e equipamentos será realizada polas entidades beneficiarias conforme a normativa vixente en materia de contratación do sector público, especificamente a que rexe as contratacións das entidade locais, e serán os concellos contratantes os responsables directos das consecuencia que dos incumprimentos poidan derivar. Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas para o contrato menor na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, pola que se traspoñen ó ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, as entidades beneficiarias deberán acreditar, xunto coa documentación xustificativa da subvención, a publicación do anuncio da licitación do contrato por calquera dos medios establecidos no artigo 347 da devandita lei. Tamén deberán achegar a resolución de adxudicación da obra e/ou equipamento, na cal se xustifique que a elección entre as ofertas presentadas se realizou con base en criterios de adxudicación fundados na mellor relación-calidade prezo ou, nos supostos permitidos pola lei, nun único criterio de adxudicación relacionado cos custos.

É obriga da entidade beneficiaria cumprir as obrigas de información e publicidade, que inclúen a colocación dun cartel publicitario, durante a execución do proxecto subvencionado, e instalación dunha placa explicativa permanente ó remate do proxecto en cada un dos lugares onde se desenvolvan as actuacións. Requírese para realizar a xustificación os prezos dos carteis informativos e das placas explicativas así como a data de colocación de cada un deses elementos.

O artigo 5º Forma e prazo de presentación de solicitudes, no punto 5 establece que o prazo de solicitude será dun mes, contado a partir do día seguinte ó da publicación da orde no Diario Oficial de Galicia, polo tanto este prazo remata o 4 de maio de 2026 (os días 1, 2 e 3 de maio son inhábiles).

O prazo para executar as actuacións subvencionadas e presentar a documentación xustificativa remata o 31 de outubro de 2026.

Borrador de convenio de colaboración entre os concellos de O Pino e Touro para a solicitude de subvención e xestión compartido do proxecto

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

PRIMEIRA. Obxecto e contido do convenio. É a prestación das actuacións previstas no proxecto Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos, en xestión compartida do Concello do Piño nos termos que se establecen no convenio regulador e na Orde que regula a subvención.

O ámbito do convenio está excluído da LCSP.

SEGUNDA. Crédito axeitado e suficiente á natureza do gasto e sostibilidade orzamentaria.

A sostibilidade financeira implica a capacidade de financiar compromisos de gasto presentes e futuros dentro dos límites de déficit, débeda pública e morosidade de débeda comercial conforme ao establecido na Lei Orgánica 2/2012, do 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira.

O impacto económico do convenio é (cadro de financiamento):

Cadro de financiamento	
Proxecto de gasto (nome do proxecto)	Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos (O Pino - Touro
Fondos Comunidade autónoma (indicar cantidade e porcentaxe [80 %])	50.000,00 €
Fondos Concello de Touro	3.227,50 €
Financiamento externo (suma 1+2+3)	53.227,50 €
Fondos Concellos de O Pino	9.272,50 €
Custe total do proxecto o (suma 1+2+3+5)	62.500,00 €

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

TERCEIRA. Contido do convenio. O convenio proposto cumpre co contido mínimo previsto no artigo 49 da LRXAP.

Contido mínimo	**Marco legal**	**Observacións**
Suxeitos que subscriben o convenio:	Artigo 49.a) LRXSP	Consta
Competencia no que se fundamenta:	Artigo 49.b) LRXSP	Consta
Obxecto:	Artigo 49.c) LRXSP	Consta
Obrigas e compromisos económicos:	Artigo 49.d) LRXSP	Consta
Consecuencias do incumprimento:	Artigo 49.e) LRXSP	Consta
Mecanismos de seguimento:	Artigo 49.f) LRXSP	Consta
Réxime de modificación:	Artigo 49.g) LRXSP	Consta
Prazo de vixencia:	Artigo 49.h) LRXSP	Consta
Ámbito de aplicación	Artigo 209.1.a) LEPG	Consta
Servizos afectados:	Artigo 209.1.b) LEPG	Consta
Persoal asignado:	Artigo 209.1.c) LEPG	Consta
Funcións e tarefas a desenvolver:	Artigo 209.1.d) LEPG	Consta

CUARTO. Órgano competente para a súa aprobación. Ao tratarse dun convenio en materia de obra pública e non superar o seu custe o 10 % dos recursos ordinarios do concello, é a Alcaldía o órgano competente para a súa aprobación e a súa sinatura en calidade de representante do concello (artigo 21.1.a), b), f) e h) da LRBRL.

Porén, ao configurarse como unha agrupación de municipios, aínda de que ámbito temporal (durante a execución e xustificación das actuacións), requírese autorización plenaria polo voto favorable da maioría absoluta do número legal de membros da Corporación (artigo 47.2.h) e concordantes da LRBRL)

RESOLUCIÓN

PRIMEIRO. Aprobar o proxecto denominado Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos*,* por importe de 62.500 euros.

SEGUNDO. Aprobar a constitución da agrupación entre os concellos de Touro e o Pino para a solicitude da subvención para o proxecto “Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos”, regulada pola Orde do 25 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG nº 61 de 1 de abril de 2026.

TERCEIRO. Aprobar o convenio de colaboración subscrito entre os concellos de Touro e o Pino para a solicitude da subvención regulada pola Orde do 25 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A), co obxecto de xestionar conxuntamente o proxecto “Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos*”,* por importe de 62.500,00 €.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CUARTO. Solicitar á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes unha axuda económica por importe de 50.000,00 € para a actuación denominado “Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos”, co seguinte cadro de financiamento:

Cadro de financiamento	
Proxecto de gasto (nome do proxecto)	Mellora da seguridade vial no entorno da Ponte de Mogos (O Pino - Touro
Fondos Comunidade autónoma (indicar cantidade e porcentaxe [80 %])	50.000,00 €
Fondos Concello de Touro	3.227,50 €
Financiamento externo (suma 1+2+3)	53.227,50 €
Fondos Concellos de O Pino	9.272,50 €
Custe total do proxecto o (suma 1+2+3+5)	62.500,00 €

QUINTO. Aceptar expresamente as condicións de financiamento e demais requisitos establecidos na Orde do 25 de marzo de 2026 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinadas a concellos de Galicia para o ano 2026, de forma individual e mediante o sistema de xestión compartida (código de procedemento PR486A). DOG nº 61 de 1 de abril de 2026.

- A entidade comprométese a dispór da asignación orzamentaria para facer fronte á aportación municipal correspondente á partida orzamentaria non subvencionable correspondente ó Concello de Touro.

- Cumprir cas obrigas dos beneficiarios establecidas no artigo 16º da Orde de convocatoria.

- Non está incursa en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

- Non está incursa en ningunha clase de inhabilitación para obtención de axudas previstas nos números 2 e 3 do artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Está ao día no pagamento de obrigas por reintegro de subvencións, conforme o artigo 10.2.g) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e o artigo 9 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

- Que todos os datos contidos na solicitude de subvención e nos documentos que se achegan son certos.

SEXTO. Comprometerse solidariamente co concello de O Pino a execución e aplicación solidaria da subvención.

SÉTIMO. Facultar ó alcalde de O Pino como representante, con poderes suficientes para cumprir con todas as obrigas que como entidade beneficiaria corresponden a agrupación ou asociación, e que actuará como coordinador, interlocutor, perceptor e xustificación da axuda.

OITAVO. Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do Real Decreto 2568, do 29 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais e para os efectos da súa ratificación.

NOVENO. Dar conta ao Pleno, de acordo co disposto no artigo 42 do ROFRXEL.

DÉCIMO. Ratificar a presente resolución polo Pleno da Corporación Municipal

Manda e asina, o sr. alcalde, en Touro, na data da sinatura electrónica ao marxe, asinando eu, como secretario-interventor , aos efectos exclusivos de transcrición ao Libro de decretos como garantía da súa autenticidade e integridade e para dar cumprimento ao establecido no artigo 2.1 do Decreto 24/2018, de 15 de febreiro, sobre os libros de actas e resolucións das entidades locais galegas.

Jesús José Reboredo González, alcalde-presidente

José López González, secretario-interventor

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE OS CONCELLOS DE TOURO E O PINO PARA A SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN E XESTIÓN COMPARTIDA DO PROXECTO DENOMINADO "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA PONTE DE MOGOS (O PINO-TOURO)" AO ABEIRO DA ORDE DO 25 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2026, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO DE PR486A. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES. (DOG. NÚM. 61, 1 DE ABRIL DE 2026)

REUNIDOS

Os alcaldes:

Don Jesús José Reboredo González, con DNI ***1519**, alcalde do Concello de Touro (CIF P1508600b) que actúa en nome desta entidade.

Doutra parte: Don Manuel Taboada Vigo, con DNI ***7435** alcalde do Concello de O Pino (CIF P1506700B) que actúa en nome de esta entidade

Todos en nome e representación da corporación local correspondente, en virtude do artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL) e o artigo 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da administración local de Galicia (LALGA).

Os reunidos actúan no exercicio dos seus cargos e, na representación que ostentan, recoñécense capacidade para obrigarse nos termos do presente Convenio para a xestión compartida do proxecto "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA PONTE DE MOGOS (O PINO - TOURO)", ao abeiro da ORDE DO 25 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2026, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO DE PR486A. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES. (DOG. NÚM. 61, 1 DE ABRIL DE 2026)

EXPOÑEN

Primeiro.- A Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), no seu artigo 25 establece que o Municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, pode promover toda clase de actividades e prestar cantos servizos públicos contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal. O Municipio exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e das Comunidades Autónomas.

O artigo 80 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora de Administración Local de Galicia (LALGA), regula que o municipio, para a xestión dos seus intereses e no ámbito das súas competencias, poderá promover toda clase de actividades e prestar todos os servizos públicos que contribúan a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade de veciños. O município exercerá, en todo caso, competencias nos termos da lexislación do Estado e da Comunidade Autónoma.

Segundo.- A Constitución recolle no artigo 103 que a Administración debe actuar de acordo, entre outros, cos principios de eficacia e coordinación. Nesa liña, aos concellos teñen a obrifa de impulsar medidas relativas á xestión eficaz e eficiente dos recursos dispoñibles, co obxecto de poder continuar prestando ou prestar novos servizos aos cidadáns en condicións de calidade que satisfagan as súas necesidades, sendo preciso minimizar custos e POTENCIAR SEMPRE QUE RESULTE POSIBLE A XESTIÓN COMPARTIDA das actuacións públicas.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

Terceiro.- Por outra banda é necesario que as administracións públicas promovan actuacións tendentes a garantir a igualdade e a calidade de vida dos veciños, implantando fórmulas eficaces e eficientes de xestión pública e boas prácticas, reducindo custos que posibiliten o mantemento da prestación dos servizos que ata o de agora se viñan prestando de forma independente.

Cuarto.- Neste sentido, cómpre optimizar os recursos económicos das administracións locais mediante fórmulas innovadoras que permitan a devandita xestión compartida na prestación dos servizos públicos.

Quinto.- Tanto a Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como a Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e a Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Publico, recollen ao longo do seu articulado o principio xeral de colaboración interadministrativa que no preámbulo da referida Lei 7/1985, determinase como as técnicas de relación entre Administracións que han de ter por obxecto máis ben a definición do marco e dos procedementos que faciliten o encontro e a comunicación, mesmo de carácter informal, para a colaboración e a coordinación interadministrativas, fundamentalmente voluntarios e de base negocial.

Sexto.- Na referida orde de convocatoria de subvencións determínase a posibilidade de formalizar a solicitude de axuda baixo a modalidade de petición de maneira conxunta mediante agrupacións ou asociacións de concellos, establecéndose no artigo 3.3 das Bases reguladoras que tales agrupacións ou asociacións de concellos poderán ser beneficiarias da subvención que, se é o caso, se conceda. A tal efecto, farase constar expresamente tanto na solicitude como na resolución de concesión, os compromisos de execución asumidos por cada un dos integrantes da agrupación, así como o importe de subvención que se vai aplicar por cada un deles, que terán igualmente a condición de beneficiarios sinalándose no artigo 7.6 da referida Orde de subvencións que aqueles concellos que desexen formular unha solicitude conxunta deberán regular a agrupación ou asociación mediante un convenio de colaboración. Deberá nomearse un representante ou apoderado único da agrupación con poderes bastantes para cumprir coas obrigas propias dos beneficiarios dunha subvención. Non poderá disolverse a agrupación ata que transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

CLÁUSULAS

Primeira. OBXECTO

Créase unha agrupación entre os Concellos de Touro e O Pino para colaborar na xestión compartida do proxecto “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA PONTE DE MOGOS (O PINO - TOURO)”, ao abeiro da ORDE DO 25 DE MARZO DE 2026 POLA QUE SE ESTABLECEN AS BASES REGULADORAS E SE CONVOCAN SUBVENCIÓNS PARA A CREACIÓN E/OU MELLORA DAS INFRAESTRUTURAS, DOTACIÓNS, INSTALACIÓNS E EQUIPAMENTOS VINCULADOS Á PRESTACIÓN DE SERVIZOS MUNICIPAIS, DESTINADAS A CONCELLOS DE GALICIA PARA O ANO 2026, DE FORMA INDIVIDUAL E MEDIANTE O SISTEMA DE XESTIÓN COMPARTIDA (CÓDIGO DE PROCEDEMENTO DE PR486A. CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES. (DOG. NÚM. 61, 1 DE ABRIL DE 2026)

Segunda. ÁMBITO TERRITORIAL E DELIMITACIÓN DAS ACTUACIÓNS

O ámbito territorial da xestión compartida do proxecto abrangue os respectivos termos municipais de Touro e O Pino polo que, os concellos deberán acreditar no expediente que son titulares dos terreos onde se executarán os investimentos, así como autorizar ao concello xestor do proxecto para a realización do servizo.

Terceira. DESIGNACIÓN DO CONCELLO XESTOR E REPRESENTANTE DO PROXECTO E ÁMBITO ADMINISTRATIVO DA ENCOMENDA. CONCELLO DE O PINO

Desígnase ao Concello de O Pino como xestor do proxecto denominado “MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA PONTE DE MOGOS (O PINO - TOURO)”, o que suporá as tramitacións administrativas seguintes:

1.- O Concello de O Pino será quen realice todos os trámites administrativos que conflúen nesta actuación compartida, é dicir, tanto os derivados do expediente aberto a instancia da entidade convocante da axuda (Dirección Xeral de Administración Local), como os relativos ao expediente de contratación, seguimento da execución do conxunto dos traballos e xustificación posterior dos investimentos.

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

2.- Facúltase ao Concello de O Pino para que represente aos concellos asinantes deste acordo tan amplamente como sexa preciso, coa finalidade de realizar cantas xestións resulten necesarias ata a execución e xustificación dos investimentos previstos.

3.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde de convocatoria.

4.- Comprometerse a respectar o destino das instalacións subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.

6.- Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

7.- Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

Este acto de xestión compartida non supón cesión da titularidade da competencia nin dos elementos substantivos do seu exercicio, sendo responsabilidade de cada un dos concellos asinantes ditar cantos actos ou resolucións de carácter xurídico dean soporte ou nos que se integre a concreta actividade material obxecto da xestión compartida.

Cuarta. COMPROMISOS ASUMIDOS POLO CONCELLO DE TOURO COMO PARTIPANTE

Coa sinatura do presente Convenio de colaboración o Concello de Touro asumirá os compromisos seguintes:

1.- Asumir todas as condicións e prescricións contidas na Orde anteriormente mencionada.

2.- Comprometerse a respectar o destino das instalacións subvencionadas por un período mínimo de 5 anos, que se contarán dende a data de xustificación dos investimentos que figure na documentación que obre no expediente da axuda.

3.- Asi mesmo o Concello de Touro comprométese a facilitar toda aquela documentación que forme parte do expediente administrativo que se esté a tramitar ao abeiro deste convenio tanto polo que respecta á tramitación do expediente de solicitude como da xustificación de subvención .

4.- Comprometerse a non disolver a agrupación en canto non transcorra o prazo de prescrición previsto nos artigos 35 e 65 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

5.- Comprometerse solidariamente a execución e aplicación solidaria da subvención.

6.- Así mesmo deberá poñer a disposición do Concello de O Pino, aos efectos do texto refundido da lei de contratos das administracións públicas, os terreos libres de cargas e gravames, con carácter temporal, e mentres dure a realización do proxecto subvencionado. Igualmente asumirase a realización das xestións pertinentes antes os organismo que correspondan para a obtención dos permisos, licenzas e autorizacións regulamentarias correndo cos gastos que xeren, no suposto de que sexa necesario.

Concederase, se é o caso, as preceptivas autorizacións administrativas para proceder á realización do investimento.

De toda esta tramitación darase traslado ao Concello de O Pino, aos efectos de constancia no expediente correspondente.

7.- Transferir a parte proporcional que lle corresponda no investimento do proxecto segundo o cadro que se recolle na cláusula sexta, unha vez que se conceda a subvención para realizar a oportuna retención de crédito orzamentaria. Aos efectos de certificación da existencia de crédito no inicio do expediente de contratación por parte do Concello representante, se non se efectúa a transferencia cos fondos, deberase achegar unha certificación emitida pola secretaría-intervención ou intervención municipal de existencia de crédito adecuado e suficiente para facer fronte á contía total do

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
(artigo 42.b da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público)

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

investimento que lle corresponde ao concello en cuestión, debendo proceder a librar os correspondentes fondos no momento que se comunique o trámite de adxudicación do correspondente contrato.

Quinta. PRESUPOSTO E APORTACIÓNS MUNICIPAIS AO PROXECTO

O presuposto para a execución do proxecto de "MELLORA DA SEGURIDADE VIAL NO ENTORNO DA PONTE DE MOGOS (O PINO - TOURO)" ascende á cantidade total de 62.500,00 € (impostos incluídos)

O porcentaxe e o importe de participación de cada concello no orzamento total do proxecto é a seguinte:

CONCELLOS	PROXECTO	LICITACIÓN INDIVIDUAL	% PARTICIP. POR CONCELLO	LICITACIÓN CONXUNTA
O PINO	46.362,50 €	46.362,50 €	74,18 %	59.375,00 €
TOURO	16.137,50 €	16.137,50 €	25,82 %	
TOTAL	62.500,00 €	62.500,00 €	100,00 %	59.375,00 €

Dado que a subvención pode chegar a ser o 80% dos investimentos subvencionables 50.000,00 euros tanto para as solicitudes conxuntas, os concellos asumirán o 20% restante en función do seu porcentaxe de participación. Os gastos que non sexan subvencionados pola mencionada orde serán asumidos polos concellos segundo a seu portentaxe de participación.

Sexta. RÉXIME ECONÓMICO-FINANCEIRO.

Cada un dos Concellos asumirá a totalidade dos gastos derivados de cada un dos investimentos que sexan realizados no seu termo municipal, que en parte serán resarcidos en virtude da axuda concedida para a actuación correspondente.

En todo caso, o Concello Touro deberán ingresar na Tesourería do Concello de O Pino a cantidade que lle corresponda segundo o estipulado na cláusula xesta do presente convenio.

Os pagos que se deriven da execución dos investimentos subvencionados ao abeiro do estipulado no presente convenio realizaranse por parte do concello de Touro, en todo caso, antes da data límite de xustificación do investimento que segundo o disposto nas Bases reguladoras é o día 31 de outubro de 2026

Sétima. INTERPRETACIÓN E INCUMPRIMENTOS

O presente convenio, que ten natureza administrativa, terá a vixencia temporal que o vincule coa xestión e execución do seu obxecto.

As discrepancias que xurdan na aplicación do convenio resolveranse por unha comisión de seguimento, que estará formada por dous representantes de cada concello.

No non previsto neste convenio estarase ao disposto na lexislación aplicable á materia obxecto do convenio, especialmente á orde de convocatoria das subvencións.

Os conflitos que se susciten no desenvolvemento deste convenio poranse en coñecemento da citada comisión; no caso de que non se chegue a acordo sobre as discrepancias litixiosas sustanciaranse na orde xurisdicional contencioso administrativa.

Serán causas de extinción deste convenio:

- O non cumprimento do seu obxecto.

- A inviabilidade da realización das actuacións descritas neste convenio, por causas non imputables ás partes.

- O incumprimento de carácter total ou parcial de calquera das cláusulas do presente convenio. Entenderase por incumprimento parcial aquel que implica en maior ou menor grao a non consecución dos fins propios ou impidan de xeito directo ou indirecto as actuacións previstas no presente convenio.

CVD: xtL0d+Y78F3t6RsYJ85e Verificable en la Sede Electrónica del Organismo. https://sede.touro.gal/

- Denuncia por causas de interese público, a instancia de calquera das partes.

Cada unha das situacións descritas por si soa é causa suficiente de rescisión do mesmo.

Oitava. VIXENCIA DO CONVENIO.

O presente Convenio quedará automaticamente sen vigor no suposto de que non se perciba finalmente a axuda económica que se solicita da Dirección Xeral de Administración Local.

No caso de concesión e posterior perfeccionamento do dereito ao cobro da axuda, a súa vixencia será dun ano a contar dende a sinatura do convenio

Así o outorgan no lugar e data da sinatura dixital, subscribindo o presente convenio

O alcalde de Touro	O alcalde de O Pino
Jesús José Reboredo González	Manuel Taboada Vigo

INTERVENCIÓNS

Non se producen**.**

VOTACIÓN

A continuación procedeuse á votación da ratificación da Resolución de Alcaldía núm. 147/2026 de 30 de abril de 2026, que resultou aprobada pola unanimidade dos once Concelleiros que conforman a Corporación (5 concelleiros do PP, 3 concelleiros de MVXT, 1 Concelleiro do PG, 1 Concelleiro do BNG e o Concelleiro non adscrito).

3 EXPEDIENTE 2026/S005/000001. IV PLAN PARA IGUALDADE ENTRE HOMES E MULLERES DO CONCELLO DE TOURO. 2026-2030. APROBACIÓN.

Por parte do sr. alcalde fíxose un resumo da seguinte proposta que consta no expediente:

"No ámbito das administracións locais, coa aprobación Real decreto-lei 9/2018, do 3 de agosto, de medidas urxentes para o desenvolvemento do Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero modificouse a Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para incluír no artigo 25.2 como competencia propia dos municipios, nos termos da lexislación do Estado e das comunidades autónomas, a letra o), actuacións na promoción da igualdade entre mulleres e homes así como contra a violencia de xénero.

Visto que o III Plan de Igualdade de Oportunidades entre mulleres e homes do Concello de Touro, foi obxecto de sucesivas prórrogas, procedeuse á elaboración do IV Plan para Iguladade entre homes e mulleres do Concello de Touro. 2026-2030, co obxectivo de avanzar na eliminación das fendas de xénero, e dar continuidade ás iniciativas de sensibilización social e impulsar unha colaboración máis estreita intra e interinstitucional, así como co tecido asociativo e outras organizacións do territorio, entendendo que o avance cara á igualdade require dun compromiso colectivo.

Neste senso, o plan diríxese ao conxunto da cidadanía, incorporando medidas específicas orientadas a corrixir as desigualdades que afectan ás mulleres

Así mesmo, apostará pola mellora da empregabilidade e da autonomía autonómica das mulleres, pola promoción da conciliación corresponsable, polo incremento da súa participación en todos os ámbitos da vida social e pola visibilización das súas achegas.

Ademais, resulta necesario seguir avanzando na prevención e erradicación das violencias machistas, reforzando a educación en igualdade e a intervención desde idades temperás, prestando atención tamén ás novas formas de violencia.

Documento electrónico asinado dixitalmente cuxa integridade garántese mediante cotexo na Sede Electrónica deste Organismo co Código de Verificación Dixital (CVD) especificado á marxe.
